



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

A Resolución da Presidencia do 1 de xuño de 2023 aprobou o procedemento de concorrencia pública de alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa co prego reitor do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO

De conformidade ás previsións contidas na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto e do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, procedese a establecer as bases que rexerán o alleamento de 17 semoventes bovinos de raza cachena e 11 bovinos de raza frisoa de titularidade provincial mediante a celebración de poxa pública para cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán para o seu outorgamento e adxudicación e disposto segundo o seguinte ÍNDICE:

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

Cláusula 2. Réxime xurídico

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Cláusula 9. Mesa de poxa.

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

Cláusula 12. Pagamento.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

É obxecto do presente procedemento o alleamento, por medio de poxa pública á alza e de xeito individualizado, de 17 bovinos de raza cachena e de 11 bovinos de raza frisoa que forman parte do fato de gando vacún existente na Granxa Provincial Gayoso Castro que se declaran excedentes no censo de animais segundo relación de semoventes bovinos que se xunta (ANEXO I).

As vacas de raza Frisoa incluídas nos lotes 1 e 2 de Frisoas agás a vaca con identificación ES041112905895-414, teñen dificultade para quedar preñadas, motivo polo que a Granxa Gayoso Castro quere allearse delas mediante a poxa. Non obstante, estas vacas están pendentes de diagnóstico de xestación nos próximos días, polo que aquelas vacas que resulten preñadas eliminaranse da poxa, circunstancia que se comunicará, se ser o caso, o día da poxa.

As vacas e femias de raza Cachena incluídas na poxa que pairan durante a tramitación, cambiaranse ao “Lote de cachenas 1. Vacas con cría ao pé” e saíran á poxa co prezo de saída do Lote 1, vacas con cría ao pé, o que se comunicará o día da poxa, antes do seu comezo.

Ademais, poderán incluírse aqueles animais que durante a tramitación do procedemento de poxa, dende a Granxa Gayoso Castro se xustifique o seu alleamento, sempre que estean previamente inventariados no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Cláusula 2. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- E suplementariamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación por si o mediante representación, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As empresas poderán acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade, solvencia e non estar incurso en prohibicións para contratar, mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa ou da persoa física licitante na que declare que o mesmo ou a empresa á que representa reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración, incluíndo unha referencia expresa a encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase, como ANEXO III a este prego o modelo de declaración responsable.

Os documentos acreditativos da personalidade e capacidade solo serán esixidos a quen resulte proposto como adxudicatario.

Quedaran excluídas do procedemento as proposicións presentadas por licitadores que non reúnen os requisitos de capacidade e solvencia ou non aporten ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e/ou solvencia.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

O presente procedemento de alleamento efectuarase en réxime de concorrencia, mediante poxa pública á alza ou ascendente de xeito que comenará por un prezo de saída que se irá incrementando a través de sucesivas poxas ata que quede un único participante ao que se adxudicará o exemplar bovino interesado ao prezo de remate ou prezo da última poxa realizada polo mellor ofertante e por tanto este será o prezo que terá que pagar o comprador, excluído os impostos pertinentes e os gastos de transporte ou doutra índole.

A poxa será en vivo e a man alzada na que se poxará en cada momento e de xeito individualizado polo exemplar que se está licitando.

Cada proposta de incremento do prezo a man alzada será por unha cantidade fixa segundo establece a cláusula 11.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

A referida poxa celebrarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro situada no Concello de Castro de Rei en Lugo, a cuxos efectos a coordinación e asistencia será realizada por persoal adscrito á Granxa Provincial.

Ao tratarse dun contrato patrimonial que se realiza a través dunha poxa presencial e a viva voz, a convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia . A poxa celebrarase ás 10:00 horas do décimo día natural ,ou o seguinte día hábil, a contar dende o seguinte á dita publicación.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cada cabeza de gando adxudicarase a favor de quen presente a oferta mais vantaxosa sobre o prezo que para cada exemplar se sinala a continuación:

LOTES	PREZOS
Vacas de desfeito de raza Frisoa	450,00 €/animal
Vacún maior de raza Frisoa (vacas)	750,00€/animal
Vacas de raza Cachena con cría ao pé	600 €/vaca e cría
Vacas de raza Cachena sen cría	350,00 €/animal
Femias de raza Cachena ata 24 meses de idade	350,00 €/animal
Animais machos de raza Cachena ata 12 meses de idade	250,00 €/animal

Por debaixo do prezo mínimo establecido para cada exemplar non se efectuará ningunha adxudicación.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico e non se admitirá aprazamento no pagamento.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Para tomar parte na poxa non se esixirá aos licitadores a constitución de garantía.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e os gastos derivados de transporte ou doutra índole.

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Os licitadores que concorran á poxa a mao alzada aportará ante a Mesa de poxa a seguinte documentación de carácter xeral referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

- a) Solicitud, de acordo co Anexo II.
- b) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar o documento que acredite a dita representación por calquera medio válido en dereito e que deixe constancia fidedigna da súa existencia e de conformidade ao establecido no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- c) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Anexo III.
- d) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este procedemento sexan efectuadas a través da sede electrónica e ou na seguinte dirección de correo electrónico :

En....., de de 2022

O interesado,

Cláusula 9. Mesa de poxa.

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de poxa que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación e estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: A Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro, Sonia Verdes Gil.

Suplente: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Gonzalo Rodríguez Ferreiro

VOGAL:

Titular: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Xosé Daniel Piñeiro Villares

Suplente: Funcionaria da Granxa da Deputación Provincial Gayoso Castro, Carmen Rodríguez Iglesias

SECRETARIO:

Titular: O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

Suplente: A xefa da Sección de Patrimonio, Ana María Vila Vázquez

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Previa á celebración da poxa a mao alzada a Mesa realizará o exame da documentación de carácter xeral.

Examinada esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de condicións. De existir, a Mesa excluírá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable no mesmo día da celebración da poxa, baixo apercibimento de exclusión definitiva da poxa. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión á poxa das mesmas mediante resolución motivada.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

No día e hora sinalados o Presidente da Mesa declara aberta a poxa comunicándoo así ao público e recibirá as identificacións dos participantes e a documentación de carácter xeral.

A cada participante asignaráselle un número por orde de entrega da documentación na Mesa da Poxa.

Antes do inicio da poxa informarase aos participantes do desenvolvemento da poxa:

- Animais incorporados que non figuren no presente prego e o seu prezo de saída
- De ser o caso, aclaracións respecto ás características específicas dalgún animal

O tramo de poxa, cantidade fixa en euros, sen decimais, na que se incrementará o prezo de saída por cada postura a man alzada dun dos participantes será de **50 euros**.

Aqueles animais que durante a tramitación do expediente puideran cambiar de lote atendendo á idade, manteranse no mesmo lote no que figuran inicialmente no expediente e o prezo de saída será o correspondente ao dito lote. As vacas e femias de raza Cachena que pairan durante a tramitación do expediente, si cambiarán de lote e prezo de saída, tal e como se indica na cláusula primeira deste Prego.

Aquelas vacas de raza Frisoa que se eliminan da poxa por resultar preñadas comunicaranse antes do inicio da poxa aos participantes nela, segundo se indica na cláusula primeira deste Prego.

Comezada a licitación non se recibirá e non se admitirá ningunha solicitude de participación.

Durante a licitación, admitiranse as posturas que gradualmente melloren o tipo, ata que deixen de facerse proposicións, declarando como mellor rematante ao licitador que fixera a postura máis elevada.

De non cumprimentarse adecuadamente o requisitos expostos neste prego, entenderase que o licitador retira a oferta, ou nos casos de desistir ou retirarse o licitador, ou o incumprimento do disposto nas cláusulas 12, 13 e 15, en todos estes casos continuarase co licitador seguinte, pola orde no que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 12. Pagamento.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico, e non se admitirá aprazamento no pagamento, que se fará efectivo mediante ingreso do prezo na Tesourería Provincial da Deputación Provincial de Lugo no número de conta sinalado ao efecto ao remate da poxa, no prazo dos dez días seguintes á notificación da adxudicación.

Coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial o adxudicatario procederá a retirar o exemplar adxudicado o día e hora acordados coa organización da Granxa Gayoso Castro.

No suposto de que non se efectúe o pagamento no dito prazo entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Procedéndose nese caso á tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Rematada a poxa, si o licitador que presentou a oferta mas vantaxosa non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Mesa requirirao para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autónoma de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Comprobada a dita documentación e individualmente por cada exemplar licitado, a Mesa fará unha proposta de adxudicación ao Órgano Competente a favor das poxas que, axustándose ao presente prego de condicións, se formularon no seu día conforme aos requisitos esixidos e resultaran mais favorables. Dita proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adxudicación, renunciar a/s adxudicación/s por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Cando o órgano competente non adxudique o referido ben de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adxudicación dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e procederase a asinar o documento administrativo de venda.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Despois da celebración da licitación, cando non fosen adxudicados todos os semoventes, fora declarada falida ou deserta a poxa, o órgano competente poderá acordar o seu alleamento mediante adxudicación directa nas mesmas condicións e polo prezo de saída fixado neste prego.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

A transmisión de titularidade sobre a cabeza de gando adxudicado entenderase perfeccionada pola firma da acta de entrega do mesmo entre o adxudicatario e esta Entidade Provincial e coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial no prazo establecido.

Se o solicitante non se presenta á firma da acta de recepción ou non efectúe o pagamento no prazo sinalado entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Neste caso continuarase a tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións da presente transmisión serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Lugo, 9 de xuño de 2023.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I. RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA

Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa (Vacas)

Nº IDENTIFICACIÓN-NÚMERO DE CORTE	SEXO	RAZA	NACEMENTO
ES021110473616-252	VACA	FRISOA	11/11/2015
ES071110473597-265	VACA	FRISOA	05/02/2016
ES031110473582-273	VACA	FRISOA	21/03/2016
ES041110473583-274	VACA	FRISOA	21/03/2016
ES001111946849-316	VACA	FRISOA	25/09/2017
ES081112099187-339	VACA	FRISOA	24/03/2018
ES051112099184-340	VACA	FRISOA	28/03/2018
ES021112748127-404	VACA	FRISOA	22/02/2020
ES001112905891-408	VACA	FRISOA	30/03/2020
ES041112905895-414	VACA	FRISOA	03/07/2020

Lote 2 de Frisoas. Vacas de desfeito de raza Frisoa.

Nº IDENTIFICACIÓN-NÚMERO DE CORTE	SEXO	RAZA	NACEMENTO
ES021112366594-370	VACA	FRISOA	25/03/2019

Lote 1 de Cachenas. Vacas de raza Cachena con cría ao pé.

Nº IDENTIFICACIÓN	SEXO	RAZA	NACEMENTO	IDENTIFICACIÓN DA CRÍA	SEXO	RAZA
ES051112905921	Vaca	CACHENA	30/12/2020	ES021114040506	Macho	CACHENA
ES011111946862	Vaca	CACHENA	12/02/2018	ES041114040508	Macho	CACHENA
ES031112178313	Vaca	CACHENA	03/08/2018	ES031114187634	Macho	CACHENA
ES051113398751	Vaca	CACHENA	23/02/2021	ES001114187631	Macho	CACHENA
ES081112099198	Vaca	CACHENA	10/04/2018	ES041114187635	Macho	CACHENA
ES031112099193	Vaca	CACHENA	20/04/2018	ES061114187637	Macho	CACHENA

Lote 2 de Cachenas. Femias de raza Cachena ata 24 meses de idade.

Nº IDENTIFICACIÓN	SEXO	RAZA	NACEMENTO
ES091113398766	Femia	CACHENA	05/07/2021
ES001113398789	Femia	CACHENA	01/06/2021

Lote 3 de cachenas. Animais machos de raza Cachena ata 12 meses de idade.

Nº IDENTIFICACIÓN	SEXO	RAZA	NACEMENTO
ES031113699246	Macho	CACHENA	20/06/2022
ES001114040504	Macho	CACHENA	05/09/2022

Lote 4 de Cachenas. Vacas de raza Cachena sen cría.

Nº IDENTIFICACIÓN	SEXO	RAZA	NACEMENTO
ES001111946861	Vaca	CACHENA	05/04/2018

ANEXO II. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN AO PROCEDEMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

D. _____
 con DNI: _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____
 _____ N° _____, piso _____ C.P. _____ de _____ actuando
 no meu propio nome ou no nome e representación de _____,
 segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

EXPÓN:

Que é súa vontade PARTICIPAR no procedemento convocado pola Deputación de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro e, con esa finalidade, aporta a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación que ostenta, se fose o caso.

b) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expeditas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. De acordo ao Anexo III.

c) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación provincial de Lugo en relación a esta concesión demanial sexan efectuadas a través da sede electrónica no seguinte enderezo de correo electrónico: _____

En _____, a ___ de _____ de 2023

Asdo. _____

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. _____
con DNI: _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____
_____, N° _____, piso _____ C.P. _____ de _____ actuando
no meu propio nome ou no nome e representación de _____,
segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

2.- Que estou o corrente no pago das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.- Que non teño pendente de pago ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que autorizo a esta Deputación Provincial a solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación do procedemento convocado pola Deputación Provincial de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro.

En _____, a _____ de _____ de 2023

Asdo.

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de datadezaseis de xuñode dous mil vintetres os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondenteócuartotrimestredo ano dous mil vintedous.
- Taxa por recollida de lixocorrespondenteócuarto trimestre do ano dous mil vintedous.
- Taxa pola rede de sumidoiroc correspondenteócuartotrimestre do ano dous mil vintedous.
- Taxacanón de auga da Xunta de Galicia correspondenteócuarto trimestre do ano dousmilvintedous.
- Taxa de autoconsumos de augacorrespondenteócuartotrimestre do ano dousmilvintedous.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderáinterpoñerse recurso dereposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinteó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr.Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderáninterporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen naLei Reguladora dareferida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizadoexerciciopasarase o seu cobro pola vía deconstrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro,LeiXeral Tributaria, a través de Servicio Provincial deRecadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta deGalicia no período voluntariosinaladosuporáaesixencia do mesmo directamente acontribuínte pola vía deconstrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da augapoderáserobxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo daComunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos doussupositos, de edicto de exposición ópúblico dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da LeiXeralTributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o RegulamentoXeralde Recadación.

Begonte,16 de xuño de 2023.- O ALCALDE en funcións, José Ulla Rocha.

R. 1920

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA

Polo Concello da Fonsagrada aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de: seis peóns, dous peóns condutores (Decreto de Alcaldía Núm.2023-309 de20 de xuño de 2023), dous xefes de brigada (Decreto de Alcaldía Núm.2023-310de 20 de xuño de 2023) e tres condutores de motobomba (Decreto de Alcaldía Núm 2023-308 de data 20 de xuño de 2023), en virtude do Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a realización de accións de prevención e defensa

contra incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 21 de xuño de 2023.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1921

GUITIRIZ

Anuncio

Bases reguladoras do proceso selectivo para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de persoal funcionario interino para a execución do programa temporal “Plan de inclusión dixital no eido da Administración Local” para o ano 2023 e sucesivos.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección dun/ha funcionario/a interino/a técnico/a dinamizador/a do programa temporal “Plan de reforma e ampliación da rede de aulas Cemit” a desenvolver na aula CeMIT de Guitiriz consonte coa “I Addenda ao Convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do plan de reforma e ampliación da rede de aulas cemit, a efectos da plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025”, ao abeiro do cal a este concello se lle conceden subvencións anuais para dita finalidade por importe de 15.000 euros, sendo o obxectivo converter á sociedade galega nunha comunidade dixital que comparta valores, fomente a igualdade de oportunidades nese eido e sexa participativa e colaborativa, utilizando servizos dixitais para a mellora do seu benestar e a súa calidade de vida, mellorándose polo tanto coas actuacións que se leven a cabo, as competencias dixitais dos galegos. Dito programa inclúe unha serie de funcións incardinadas no programa Aula Mentor, que se mencionan a continuación.

O período mínimo estimado de duración do nomeamento interino é de 12 meses prorrogable de ano en ano ata un máximo de 4 anos, dependendo da financiación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, ampliable por un ano máis es supostos excepcionais e xustificados.

O persoal seleccionado estará suxeito ao réxime funcional, como “funcionario/a interino/a para execución de programa temporal” conforme ao artigo 10.1c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por R.D.-Lex. 5/2015, de 30 de outubro; e artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

O sistema selectivo será o concurso - oposición libre, e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (poderase publicar un extracto da convocatoria no BOP; referenciando o lugar exacto da publicación completa das mesmas). O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

2ª.- CARACTERÍSTICAS E COMETIDOS FUNCIONAIS.

2.1.- Características do posto de traballo.

Denominación: Técnico Dinamizador Plan de Inclusión Dixital.

Clase de funcionario: interino por programa temporal

Escala: Administración Especial.

Subescala: Técnica (técnico auxiliar)

Horario inicial: De luns a venres, de 9 a 13h e de 16.30 a 20 h (estimado, susceptible de cambios por necesidades do servizo)

Grupo: C1

CD: nivel 14

CE mensual: 400 euros

Retribucións brutas mensuais do posto: 1.331,09 euros, máis os incrementos anuais das leis de orzamentos xerais do Estado.

2.2.Cometidos funcionais.

Promoción do uso da TC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.

Dinamizar as PEME e micro PEME amosándolles as vantaxes da Sociedade da información (SI)

Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación : obradoiros, charlas, xornadas iniciativas.

Xestión da aula : atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación.

Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.

Achega de datos de seguimento e avaliación das actividades.

Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.

Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.

Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información da cidadanía.

Colaboración na aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no Concello da nova Rede CeMIT.

Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello.

Estender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas

Os cometidos funcionais do posto realizaranse con carácter xeral na aula CeMIT do Concello, nos horarios de apertura da aula. Se por falta de usuarios ou por outros motivos organizativos a aula CeMIT non estivera aberta en horario de mañá ou de tarde, os cometidos funcionais do posto realizaranse igualmente, na medida do posible, nas instalacións municipais que se determinen en cada caso.

En relación co programa de formación aberta denominado aula mentor:

A aula Mentor de Guitiriz dispón dunha persoa denominada “administradora”, que previamente realizou formación específica para o posto. As súas funcións son:

Difundir as ofertas formativas entre a poboación, asegurar que todo o equipamento estea operativo e orientar ao posible alumnado sobre que cursos de adecúan ás súas necesidades.

Rexistro das solicitudes de matrícula.

Prescrición. Información e asesoramento da persoa interesada na formación a distancia.

Asistencia ao alumno durante o proceso de formación

Asistencia ao alumnado ao finalizar o proceso de formación.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.

Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións .As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Titulación: Formación Profesional de Grado Superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos, Administración de sistemas informáticos en rede, Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma,

Desenvolvemento de aplicacións web, Animación sociocultural e turística, Integración social, Mediación comunicativa, Grado en informática, Educación social, Mestre en Educación ou titulacións equivalentes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Acreditación da certificación de competencias dixitais na área de dominio e competencia, ou no seu caso declaración responsable de obtelo na primeira convocatoria que se realice por administración competente na materia.

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo aspirante no momento de remata-lo prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen formar parte no concurso-oposición, deberán presentar solicitude no modelo oficial que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Guitiriz e sede electrónica do Concello de Guitiriz, dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz (anexo I), ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente.

4.2.- Para ser admitido ó concurso-oposición os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3.ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsedades en que puidesen incorrer os aspirantes, para os efectos procedentes.

4.3.- Coas instancias deberanse acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados e da baremación dos mesmos, determinará a imposibilidade de valoración.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases no BOP da provincia de Lugo ou poderá publicarse un extracto do anuncio no BOP, e o contido integro das bases na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

4.5.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Deberá de adxuntarse a seguinte documentación:

Fotocopia do D.N.I.

Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).

Relación dos méritos alegados para a súa baremación na fase de concurso segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados, indicando a puntuación que entende a persoa aspirante que lle corresponde consonte estas bases en cada un dos apartados.

Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados. Non se tomarán en consideración os méritos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución no prazo máximo de tres días declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Guitiriz e na sede electrónica do Concello.

5.2.- No prazo de 5 días, poderanse formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

5.4.- No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, a cal ditarase no prazo máximo de tres días e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Presidente/a: o persoal funcionario da Corporación que se nomee do mesmo grupo de titulación.

Secretaria/o: o secretario da Corporación ou funcionario da Corporación en que delegue do mesmo grupo de titulación.

Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios da Corporación do mesmo grupo de titulación.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa citada.

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

6.7.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

7.1.- Fase de oposición (de 0 a 20 puntos).

A fase de oposición consistirá na realización de tres exercicios obrigatorios e eliminatorios cunha puntuación máxima de 20 puntos os dous primeiros:

1º. Exame tipo test: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test máis 3 de reserva, con 3 respostas alternativas das que só unha delas será correcta, referidas ao contido do posto de traballo segundo o temario da parte teórica do bloque I do ANEXO II.

A proba cualificarase polo Tribunal de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar o mesmo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

2º. Exame escrito: Terá carácter eliminatorio, e consistirá na realización dun único exercicio que consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de 60 minutos un tema das materias específicas do Bloque II do ANEXO II destas bases. O mesmo día da realización do exame o tribunal procederá a elixir ao azar 3 temas do Bloque II do Anexo II e o aspirante deberá desenvolver un deses tres temas propostos polo Tribunal.

A proba cualificarase polo Tribunal de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar o mesmo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

O exercicio practicarase en chamamento único, sendo suspendido quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

3º. Proba de coñecemento de galego. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 4 ou equivalente.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

7.2.- Fase de concurso de méritos (de 0 a 12 puntos)

A fase de concurso de méritos dos aspirantes valoraranse de acordo co baremo seguinte: A puntuación máxima que se poderá obter será de 12 puntos, non sendo necesaria unha puntuación mínima para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

7.2.1.– Experiencia profesional (de 0 a 8 puntos)

a) Servizos prestados na mesma categoría (técnico/a dinamizador/a do plan de inclusión dixital) na Administración Local: 0,25 puntos por cada mes completo.

b) Servizos prestados mesma categoría (técnico/a dinamizador/a do plan de inclusión dixital) en Centros, Entidades ou Empresas: 0,15 puntos cada mes completo.

A antigüidade anterior xustificarse mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración ou entidade onde prestasen os servizos, e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

7.2.2.– Formación académica (de 0 a 4 puntos).

a) Cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos por administracións públicas (ou centros homologados, ata un máximo de 2,00 puntos:

De máis de 100 horas: 0,50 punto.

De 71 a 100 horas: 0,40 puntos.

De 41 a 70 horas: 0,30 puntos.

De 21 a 40 horas: 0,20 puntos.

De 10 a 20 horas: 0,10 puntos.

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, non se puntuará o curso.

Os cursos de formación acreditaranse mediante presentación da fotocopia dilixenciada da certificación, título ou diploma no que figure nome do título, contidos e duración ademais da entidade impartidora, ou presentación de copia auténtica escaneada do orixinal en rexistro.

b) Titulación universitaria de Diplomado ou Graduado en Informática, Mestre en Educación, Educación Social ou similares: 1 punto

c) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 1 punto).

Celga 5 ou equivalente: 1 punto.

8ª.– LISTA DE APROBADOS E BOLSA DE TRABAJO.

8.1.– Rematada as dúas fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Guitiriz a relación dos candidatos por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo. En caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na fase de oposición. Se persistise o empate farase por sorteo.

8.2.– O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario interino.

8.3.– O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

8.4.– Os candidatos que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa realizar algunha substitución, acudirán a dita bolsa seleccionando o primeiro deles. Soamente poderá seleccionar ao seguinte cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se de a circunstancia de estar de baixa por incapacidade laboral o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos tres anos a contar desde a data da resolución de nomeamento da persoa seleccionada como funcionario/a interino/a.

9ª.– PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.– Os aspirantes seleccionado en primeiro lugar, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

10ª.- AQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE FUNCIONARIO INTERINO.

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, nomearase ao aspirante proposto polo tribunal mediante resolución de alcaldía.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar do seguinte ó que lle sexa notificado o citado nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa, de conformidade co establecido R.D. 707/1979, do 5 de abril.

Ata que sexa nomeado e se incorpore ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

11ª.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

12ª.- LEXISLACIÓN.

